

A NOSA TERRA

BOLETIN DECENAL

Idearium da Irmandade da Fala en Galicia e nas colonias galegas d'América e Portugal

PREZOS DE SUSCRIZON

Na Cruña ó mes, 40 cts.
Coste d'un núm. 15 »

Fora, trimestre, 1'50 pts.
América, id. 2 »

Pagos adelantados

Redacción e Administración: PASEIO MÉNDEZ NÚÑEZ (Irmandade da Fala)

Número 90

A CRUÑA 25 DE MAIO DE 1919

Manifesto do partido nazonalista galego

Un forte amor á xusticia y-un sentimento de noxo móvennos a publicar este manifesto ó pobo de Galicia.

A esperanza de redenzón da terra nosa, y-un ensono de libertade non poden quedar outra vez cubertos pol-a lama da podre política que diante das novas eleccións se espalla por Galicia.

Quixéramos que as nosas verbas acesas de indignación, seasen nos ouvidos de todos coma un berro de protesta punxente da terra de cote aldraxada.

Nin desalento, nin desesperanza. Queremos dicir o que o medo non deixa dicir a moitos, y-o que está na conciencia aínda dos mais innobres. Queremos dicir a verdade pra afirmar a forteza do noso ideal.

A representazon de Galicia nas Cortes estará unha vez mais leixada do pobo galego e Galicia non contará pra nada na política d'España.

Nós, os nazonalistas galegos, as representazóns das Irmandades y-as sociedades agrarias, a mais siceira e persistente forza cidadana, persecutoria a morte dos caciques, dos vellos e valeiros políticos da Galicia, falamos ós nosos irmáns coá seguranza de que levamos o mandamento da terra nosa e a voz doída de todol-os que n-ela se layan.

Nas derradeiras eleccións, cando España enteira sufriu a quentura d'unha arela de renovazón, fumos á loita crendo na siceiridade d'un Goberno. Os nosos candidatos, cheos d'unha moza idealidade, puxéronse en contacto coa terra, e miles de votos, levados ás urnias contra total-as forzas das orgaizcións caciquies y-a mentireira xusticia do Goberno, sinificaron a libre vontade de Galicia.

As persecucións y-as mágoas sofridas pol-os nosos amigos puxeron en nós un mais vivo fogo y-un mais ardente desexo de liberazón. Esta loita pra renovar a vida do país noso fariase nas primeiras eleccións.

Y-as eleccións chegaron y-hoxe temos que dicir ante Galicia, que é preciso absterse ausolutamente de intervir n-elas.

Cando parecían desfeitos os vellos e descretados partidos políticos, cando os nosos grandes caciques y-esprotadores parecían escorrentados pra sempre, y-un home que fixo da siceiridade política e da cidadania a sua bandeira, collía o Goberno, e nós íbamos a recoller os votos dos nosos irmáns, a mais noxenta xuntanza cegou a posibilidade da xusticia electoral.

O trunfo legal sería noso, mais non o resultado imposto dende Madri, acollendo todol-os amaños dos caciques, e baixo unha suspensión de garantías que nas mans de alcaldes e gobernadores estorbaría á porpaganda. Y-os nosos amigos de novo perseguidos de novo aldraxados terían de ser pra nós un remordemento.

Sabemos que tras de nós, y-agardándonos, está unha forza sinxela, vibrante d' emoción e de esperanza. Non queremos desgastar esa forza que nos compre pra nova autuacion política que logo, moi logo, fará precisa a esterilidá d'un Palramento que ten de nacer morto.

Non sancionaremos endexamais cò noso concurso unha ficción legal como esta. Non queremos servir de vencidos pra tristeira gloria d-unhos vencedores que somentes loitan con armas que a nosa dinidade nin quere nin pode empregare.

Nin dados quixeríamos postos de Dputados n-un Congreso feito pol-o mais odioso pacto que unha política de medo poido maxinar, ante a necesidade de dar estado legal á forza e soste unha política que non se asente nas esencias vivas do pobo e da opinion pública.

¡Irmáns galegos: hay entre nós e todol-os partidos políticos unha diferenca radical da que podemos acharnos soberbos. Nós non queremos, com'eles conquistar o poder pra dende él impór un estado de dereito que sexa obedecido pol-os nosos irmáns; nós queremos crear ise estado de dereito nas vosas conciencia interpretando as vosas necesidades y-as vosas arelas de libertade e de xusticia; nós queremos que o poder estea en vós, que sexa a espresion da conciencia colectiva do pobo galego; nós queremos votar a baixo todol-os oustáculos que s'opoen á libre manifestación da conciencia de Galicia.

Por iso, os nazonalistas galegos, inda que non interviñamos na figuracion de loita electoral que se vai representar no taboado político da nosa terra, a cencia e pacencia de todos, non deixaremos nin por un instante de proseguir a nosa porpaganda pra espartar, varil e valente, o espírito do pobo de Galicia, n-unha man a fouce, noutra man a oliva, pra que un día, que nos insistimos en ollar moi perto, poida imponer definitivamente a sua vontade.

¡Terra a nosa!

A Xunta Suprema das Irmandades.

CARTAS DA ALDEA

II

Dúas veces á semana recibo o correo que me trán da vila. A quinta feira e o domingo son os días privilexiados.

Vos, os homes dos pobos, que a cotío chégavos unha, dúas, e hastra tres veces, a visita do carteiro, non sabedes a ledicia, o intrés e a curiosidade con que nos, os habitantes dos currunchos aldeáns, desdobramos os boletíns e rachámol-os sobres das cartas.

Onte, no longo balcón de pedra moura da miña casa, diante da campía verde e leda, fun repasando as follas imprentadas que dábanme a impresión d'unha fenestra aberta ao mundo.

No acougo do meu lugare soupen da rebumbiada eleitoral e parecéume algo de teatro que non chega ao público. Coidaba ollar uns monigotes que se remexían no escenario, diante d'un auditorio que non os escoitaba e que lles volvía o lombo.

En verdade, que se en todas partes socede o que aquí, é cousa para pensar que elo é unha escocha dos xornás pra nos engayolaren.

Os meu veciños, moi satisfeitos porque non ven chegaren ás portas das súas casas os caciques e caciquiños en busca de votos, falan d'estas cousas en vos queda coma se temesen despertaren aos amañadores do distrito, e esperan que o artículo vintenove os liberte de faceren uso dos seu deberes e dereitos políticos.

Así non caerán nãs suas costas, d'abondo asoballadas, os páus de cego que soceden a toda loita.

Estes meus mansos veciños están cansos de rifaren por uns e outros, que sempre souperon prometeren moito e endexamais faceren nada. Nada bó, por suposto. Viron de cote que os seus esforzos e o seus entusiasmos eran inútiles, mais ben, nocivos. Hoxe viven desconfiados.

Asemella esta paz nosa unha lagóa morta no medio de unha gándara triste. Quizáis sexa así toda a Galicia.

Pro estas augas verdes e quedas hai que velas como pol-o inverno despertan enraveadas e brúan carraxentas baixo o sopro da tormenta.

O desánimo, a mansedume dos meus irmáns das aldeas, eu ben sei que desaparecerán c'o alento morno d'un ideal nobre.

Os sementadores teñen unha terra disposta e fecunda nestes eidos tranquilos.

A traballar, que a colleita ten de ser

abondante. *Xa veredes, meus amigos, que presto xermolarán os naviños das santas rebeldías. Eu quixera que todol-os galegos pelengrasen hastras as orelas ribeteadas de furnas e penedos da nosa costa brava, pra aprenderen a loitar.*

Que a lagóa morta convirtase en mar fero.

Temos que adeprender a ollar pra dentro da nosa casa e renovar os nosos esquecidos valores. Hastra agora viñemos ollando demasiado pra fora e sin cuidáremos do noso fixemos coma os monos, arremedar aos alleos.

Así o edificio que en Hespaña fomos fabricando carece de cimentos e está en perigo de derrubárese. Derrúbase xa, se non todo xunto d'unha vez, paseniño e por partes.

¿Qué outra cousa é esa cadêa sen fin de fracasos que se soceden en todol-os órdenes?

Esquecidos de nos mesmos, fomos ficando atrás na marcha mundial. As veces, cast sempre, collemos do mundo próspero adiantos materiás que sin base desfánse nas nosas maus. No mar chapoteamos antre o fume de caldeiras estoupadas, na terra arrastrámonos detrás d'uns ferrocarrís arruinados e no ár volteamos c'unhas áas inútiles, cando outros homes navegan rápidos por riba e por baixo dos mares, corren lixeiros e cómodos pol-os camiños de ferro e cruzan seguros e maxestosos pol-os aires.

No terréo espiritoal pasa o mesmo. Imos a brincos erguendonos e caendo sen cesar.

E preciso que traballemos c'os nosos propios materiás e fagamol-os cimentos da nosa prosperidade en terreo firme e seguro; sin cuidárnos dos incansabres obreiros que na meseta castelán poñen parches e remendos ao tinglado podre que non se ten de seu.

GONZALO LÓPEZ ABENTE.

Mugía, 20-V-1919.

(Dend'o próisimo número publicaremos «Cartas da vila», de A. Villar Ponte.

En Vigo, os socialistas pidron antevotación para impediren a aplicación do artigo 29 nas próisimas farsadas eleutoraes.

En Pontevedra, pidluna tamén o Sr. Temes, republicán.

Na Cruña inda pidironna, eisimesmo, dous cidadáns dinos de gabanza: D. Ricardo F. Vidal Quintela e D. Pedro Mosquera Sánchez.

Os nazionalistas galegos apraudimos iste xeito de cidadanía que debere servir d'exemplo a todos, e aconsellamos ós nosos irmáns de Vigo, Pontevedra e a Cruña, que lles empresten axuda ós socialistas vigueses e ós republicáns das outras duas vilas, o mesmo que a cantos, seían do partido que seían—agás mauristas e do turno—loiten contra dos odiados caciques.

Follas novas

Cencia galega

Noso distinto amigo o Dr. Sal Lence acaba de publicar unha nova obra científica relacioada co'a sua profesión. Nomeáse ista obra que s'espón nos escaparates de tódal-as librerías, «Refracción ocular».

Coma profanos na materia que estuda o señor Sal Lence, nada poderíamos falar de conta propia, inda que nos sirvise de garantía o coñecemento que temos da autoridade de que disfroita antre os homes de cencia pol-a sua especialización nas doenzas dos ollos. Mais ouvimos a médicos moi intelixentes facer as maores gabanzas da obra «Refracción ocular». E ista obra ó xucio d'aqueles honra a cultura galega e emprestará sinalados servicios a cantos exércen a profesión d'oculistas na Hespaña e fora d'ela.

Abóndanos, pois, de camiño que dámol-a nova ós nosos leutores, testimoñarlle o noso afeuto e a nosa admiración ó doutor Sal Lence, xunto c'unha embora cordialisma.

O Diputado por Veiramar

Axíña aparecerá nas librerías ista fermosa novela do gran poeta Gonzalo López Abente.

«O Diputado por Veiramar»—libro de verdadeira actualidá—está rematándose d'imprentare.

Está próisimo a agotarse o «Compendio de Gramática Galega» que soilo ten de custe 50 céntimos.

PROSAS GALEGUISTAS

PRA RAMÓN CABANILLAS

Eu sei, poeta irmán, como se revolve o teu sangue; como s'acende a tua i-alma, ceibando verbas de rebeldia, ó ver a nosa terra aldraxada, serva a nosa raza d'oligarcas sen concencia.

Ó ver com'eles embarullan e berran, pra que non chegue ós auvidos dos homes libres do mundo o cramor dos bóis e xenerosos...

Compre, poeta irmán, qu'o teu brazo forte sone sobor da nosa campía longas badaladas na eampá que tí soupeche tanxer, cramorosa e punxente sobor da asoballada terra nosa...

Compre qu'a campá que tí tanxíes sexa com'aquela clóche Roland, cand'ela tanxe

no país de Flandes pr'anunciar o lume y-anunciar a victoria...

Compre axuntar á raza de Breogán, o atanxemento de campás, pra darmos unha batida ós lobos que baixan oubeando, pra conquistar a libertá da terra...

Tanxe, tanxe forte a tua campá, poeta irmán, en longas badaladas, sobor da terra onde todos dormen, e fainos erguer pra sempre...

Compre qu'oián e s'ergan hastr'os osos qu'están nas sepulturas de pedra nas eirexas vellás, hastr'os osos qu'están baixo das mámoas, y-os que ficaron esquecidos nos campos de batalla...

Tanxe, tanxe, qu'hastra coido qu'han

responder ás badaladas as campás das vilas sulagadas da Atlántida, e d'eli han vir a rescatal-a terra os abós descoñecidos...

Tanxe, tanxe, chama, chama, non des acougo a ninguén, non deixes a ninguén gardal-o sono, nin ós vivos, nin ós mortos...

Qu'as badaladas os desperten do sono ou da morte, qu'inqueden os seus peitos, qu'os fagan lembrar de todas-as servidumes, de todos-os aldraxes, de todos-os enconos...

Que se revolva Galicia inteira, que s'affien todas-as fouces, que s'ergan hastra as pedras dos camiños...

VICENTE RISCO.

POL-A MÚSICA GALEGA

A PROPOSITO DOS NOSOS CONCERTOS

Un artigo do mestre Doncel

Mais d'unha vez teño ouvido dicir ¿por qué a nosa Orquesta Filarmónica non executa música galega? Responderei a esta pregunta.

Ante todo daréi unha esplicación do que eu entendo por música galega.

Toda composición musical onde as cadencias sexan propias dos nosos cantos populares; cando a melonía teña xiros iguaes ou somellantes aos nosos cantares monódicos, a música será xenuinamente galega. Mais todo isto, feito coa timidez innata nos que non profundizaron na ciencia da armonía e o contrapunto, e que somente tiveron que se concretare a armonizar nunha forma prehistórica melonías que as mais das veces, a esceición das basadas na muiñeira, podían recibil-o calificativo de internacionais, e inda estas a pesar da desfiguración, non pesaron nada en favor do arte da música da nosa terra.

Agora ben; a persoalidade, a escola propia, o que caracteriza un arte ¿consiste na representación núa ou casi núa das imaxes? ¿é preciso calcar os persoaxes e os cantos propios do país na obra literaria e no pentagrama, respectivamente, para que a obra de arte sexa puramente rexional?

Valle Inclán sempre será un lírico galego a pesar de escribir en castelán e buscar asuntos non galegos.

A música de Wagner sera sempre alemana a pesar de se desenvolver o *Loengrin* en Italia, e o *Parsifal* en España, o mesmo que *Aida* será unha ópera de estilo

italiano, como *Sansón e Dalila* será un xénero francés marcadísimo e non hebreo.

A nosa escola propia tan desexada, que algú chaman música galega, nin siquera está en embrión. Eu non conozo un músico galego que mereza o nome de compositor; quizais Montes e Adalid fixeran moito se souperan algo mais.

A nosa labor na Filarmónica non ten outro ouxeto que estimular a varios rapaces que s'adican á música e poñel-o noso modesto valimento nalgunha cousa que estimamos plúsbile, mais nunca no desexo xactancioso de desenterrar obras clásicas porque esto incumbe exclusivamente ás orquestas de Arbós, de Perez Casas, de Lamothe de Grignón e de Rabentós.

Mais, se así como non hai obras de autores galegos que teñan algún interés melódico e menos armónico, as houbese, atopariámonos, con respecto á execución, nas mesmas circunstancias que agora ao interpretar outra clase de composicións.

De todas sortes e a pesar dos lares que poidamos ter na nosa labor artística, nos conceituariámos moi satisfeitos e argulosos ao dar a conecer obras sinfónicas de autores galegos que merecesen parangonarse cós clásicos modernos, pois chegando a esto na nosa terra, teríamos persoalidade en todas-as manifestacións do arte.

JOSÉ DONCEL.

Agradecemos o Sr. Doncel a sua amabilidade. Mais permitámonos que lle fagamos

unhas cantas observacións. Nosco respectamos o seu concepto da música galega, mais o non compartimos. Non coidamos qu'os xiros melódicos e as cadencias seian características do que poidéramos chamare seny musical.

¿Non lle parece ó Sr. Doncel que o ritmo é mais trascendente? Tampouco coidamos que a muiñeira seia representativa do noso xenio musical. O seu ritmo e forma melódica atópanse na lixenia in Aulide, de Glúck, como non iñora o Sr. Doncel, e no folk-lore catalán hai canzós—el Noy de la mare, por exemplo—eisautamente iguaes que a nosa muiñeira do endecasílabo anapéstico. Nosco coidamos qu'os mais característico da nosa música é o alalá, cón todos-os respetos debidos á capacidade técnica do Sr. Doncel.

Pregunta vosté si o que caracteriza un arte consiste na representación núa ou casi núa das imaxes? Coidamos que non. Que a música galega, a unha veira a base folclórica imprescindibre, ten que s'axeitare a unha técnica propia, basada principalmente nos instrumentos propios e tirando d'iles a base d'armonía propia. ¿Enxergue o señor Doncel?

E imos ó mais intresante. Vosté non coñece un músico galego que mereza o nome de compositor. Nosoutros, si: coñecemos, antre outros, dous: Xesús Arca, de Santiago, que xa morreu, e deixou esquirtas unhas xurdias muiñeiras, e Ricardo Fernández Carreira, de Puebla do Caramiñal, que ten feitas composicións galegas pra orquesta, cuartetos ó xeito crásico e sextetos, todo-elo modernísimo e que non desmerece de calquer outro compositor nacional ou estranxeiro.

E non temos mais que decire como non seia que, tamén na Celestina, de Felipe Pedrell, o célebre musicólogo catalán, hai anacos galegos, xenuinamente galegos, que poden ire a un programa de concertos.

Fálase d'achegar recursos para erguerlle un mausoleo a Pandal no cimiterio da Cruña.

Nós non podemos sermos sospeitosos no que se refire ó imortal autor de "Queixumes dos pinos".

Pol-o mesmo, témol-a obriga de falar crariño. Pandal, morreu solteiro e rico. Deixou moitos cartos ós seus herdeiros legais que xa se valían ben, abofellas.

Os seus herdeiros a rentes da morte do insine bardo, oferceran—e ise era o seu deber—erguerlle un mausoleo artístico no cimiterio.

¿Por qué o non fixeron xa? ¿Por qué o non fan agora?

Cando sobran cartos para todo, está ben gastalos en riadir homenaxes ós mortos ilustres. Mais cando se percisan para cousas "vivas" e esenciaes, restalos d'ise xeito é pouco patriótico.

¡Os mortos ilustres viven nas súas obras! Mais leutura d'istas é menos chin-chin.

DOUS CONSELLOS

I

Ajuda-te ben, mocíño,
que a mocidade é moi corta,
aprovelta-te da vida,
divírte-te o mais que poidas,
que te non conte a tristura
n'ísa idade venturosa,
rite muito, rite ben,
longe de ti a dor ajota,
val a trullas e romajes,
algarea, brinca, chouta,
rua a felto, canta, atruja,
campa nas festas e troulas,
si hai galta val ao turreiro,
lulta co as mozas si hai mozas,
non perdas balla nin trisca,
espadela nin esfolia.

II

Mozo mal aconsellado,
ten en conta
que si o camiño que levas
istá cuberto de rosas,
cando as flores calan muchas
e o vento lle arranque as follas,
non ficarán n'as roseiras
mais que espíñas dolorosas,
pois aquil que muito ri,
aquil é o que mais chora,
que si hai risas e trouleos
n'ísta existencia treidora,
hai tamén feles e bágoas,
tamén as penas abundan.

VICTORIANO TAIBO.

Verbas acesas

Selpamos ollar con quentura solamente á Patria. Selpamos odiar de cote a todol-os seus enemigos. D'íste xeito abranguerémolle os maiores trufos, e o noso amor e o noso intrés concentrados totalmente n-ela, terán de facer milagres que de outro xeito nin siquera son sospeltabres.

**

Sendo a lingua d'un pobo a sua mesma alma leita visíbre e tanxíbre, todo pobo que esquece a lingua propia por outra estrana, hastra perdela de todo, é un pobo sin alma, fallo n-absolute d'espiritualidade.

Tal pobo solo e meresciente do estado vergoñoso de oprobio en que vivían os antigos escravos ós que, por coldalos fallos de alma, se mantíña en tal estado.

**

Todo individuo que queira manterse sempre seu, con persoalidade propia, sin ollarse endexamais supeditado a ninguén, debe procurar manter por riba de todo a Independenza do seu espírito.

O mesmo sucede coas nazonalidades. Velai

porque aquelas que non souperon mantela Independenza espiritual, a propia e xenuína espresión idiomática—xa sabemos o que a lingua é—amóstranse noxamente axonlladas ós pes do pobo que soupo impórleselles, faguedo d'elas viles orgalsmos sin outra vountade que a que o pobo amo ten.

**

O asoballamento d'un pobo que merescere libre, que ten total-as condizóns que se requíren pra vivire ceibe de total-as tutorías oprobrosas e aldraxantes, por outro calquera é—sin que ninguén poida negalo—unha gran inxustiza.

Non abunda con decire qu'a unidade d'un Estado fai preciso o asoballamento das nazona-

lidades qu'o integran e que outas comenanzas ou razóns do mesmo elixen a hexemonía d'un país encol d'outros.

Nós, faguedo nosas unhas verbas de Kant, declinamos: "Non hai necesidade que falga trocar en legal o qu'é inxusto."

**

Empreguemos a cotío a nosa lingua, atelgados de nobre orgulo. Ela que xa n-outroa foi lingua de ergueito aristocraticismo intelectual, torna a selo por obra dos primeiros intelectuaes verdadeiramente galegos e pol-o mesmo libres, non escravos marcados co selo da noxenta castelanizazón, que dende fai-séculos hai na Galicia.

R.

O NOSO VOTO

ESPRICADO EN VERBAS QUENTES

Isto é vergoñoso, noxento. Galicia ofrece o aspecto d'unha colonia irredenta, onde a degradación, o rebaxamento, a incultura, o inclivismo, nin siquer lle permiten darse conta co seu tristeiro irredentismo.

Galegos labercos, falemos craro; galegos idiotas, galegos eunucos espiritualmente, que sodes a maoría dos galegos, chegou a hora d'esnaquizar todol-os eufemismos; chegou a hora de demostrar, lnda que o sangue escale as nosas fazulas, póndoas vermellas co'a vergoña, que pertencemos a unha raza degradada, apodrecida no senso moral, valeira de idealidade, dina deser escrava para *in eternum*.

Agora, agora que chegan unhas novas eleccións, agora que temos á porta unha nova farsada electoral, agora cando hastra os mais cegos poden decatarse de que na Porta do Sol da vila-charca-cortesán se dispón dos distritos galegos coma de cousas da propiedade do centralismo miserabre, a cencla e pacencia de cantos chamense bós fillos da nosa Terra, agora é comenente faguer un inventario do que Galicia lle debe a Hespafia, pois eisi a conta e o conto da nosa degradación, do noso rebaxamento, do noso servismo cativo e desprezable, ficará cristañío ós oídos de TODOS.

¡Galicia! ¿Que é Galicia? Un territorio escravo. Un territorio sin alma, colonizado pol-os criados dos políticos centralistas. Unha vil colonia do Centro. Isto, solo isto...

E que ninguén dubide, porque probas cantan.

¿Qué lle debe Galicia ó Estado? ¿Qué lle debe a Hespafia?

Polas suas condicións naturaes, todos saben elquí e fora d'elquí, que podería, desenrolándose aquelas baixo o prestíxo fecundo d'un pabellón estranxeiro, ser o mais rico e próspero da Iberia. Pesá a isto é dentro da península o mais atrasado en relación ás suas posibilidades progresivas.

Galicia, ten unha extensión xeográfica aprouximada á de Bélxica. Comparádeas con Bélxica e co'as comarcas europeas de xeito natural somellante... ¡Horrible!

Galicia é rexión agro-pecuaria definidísima; paga ó Estado unha contribución territorial maior que as mais d'Hespafia. ¡E ten menos ferrocarrís que ninguinha! Duas ou tres liñas malas, precisas, que forzosamente teñen que existir, pois de non facelas o Estado e as Companías pol-as boas, obrigaríanos a facer

as nacións civilizadas do mundo, porque portos como o da Coruña e Vigo, ó estranxeiro importalle que contén con camiños de ferro. Solo témol-os ferrocarrís que a toda colonia se lle obrigan a tere por comenencia internacional.

O número de camiños veciñais, e moi pequeno, lnda sendo tan quebrado o noso chán e constituído aqueles unha verdadeira necesidade para as rexións agrícolas. ¡Tan pequeno, que hai comarcas enteiras moi ricas naturalmente, sin outras vías que os camiños de carro, obra dos labregos escrusiva!

Non temos unha sola escola d'agricultura, nin un solo centro d'estudios agronómicos. ¡Para estudar agronomía precisamos ire a Valladolid! (O que all s'estude, ¿qué aplicación pode atopar zcód?)

Temos unha gran riqueza mineira; temos outra riqueza en paisaxes, en cousas históricas e molmentos, base inapreciable para fomentalo turismo; e lnda outra en augas minerais. E ¿qué meios de comunicación nos dou o Estado ou nos deron os repersentantes do centralismo nas cortes e no Goberno de Madrid, para que todo isto se desenvolvese?

Galicia ocupa unha privilexada situación atlántica. Unha situación envexabre para todol-os pobos d'Europa. Pois os portos de Vigo, a Cruña e Arousa, fican no maior atraso. Unhos malecós, unhas poucas gruas, nada... E logo chegando a eles unhos tréns carretas que fan imposible todo xeito serio de intento de establecemento de viaxes rápidos ás Américas, lnda que algúns ilusos ou parvos que non discorren, colden outra cousa.

Galicia é dona do millor arsenal e da millor factoría naval d'Hespafia, a do Ferrol. Pois xa vedes coma Ferrol vive tan illado do resto do país cal nos tempos de Fernando VII. ¡Corenta anos loitando pol-o ferrocarril da Costa e sin esperanzas de conseguilo aínda! ¡A primeira cidade departamental d'Hespafia, no século XX, despois da guerra europea, sin ter comunicacións terrestres co'as minas de ferro de Viveiro e Villadodríd, nin co'as de carbón d'Asturias, nin co'os altos fornos de Bilbao nin co'as fábricas de armas de Trubia e Ovledoll! ¡E falouse en sesións patrióticas do Congreso da nazonalizazón das industrias militares!

Galicia c'unha costa longa, co'as milliores industrias pesqueiras da península, non ten unha sola escola de pesca. Galicia, país d'emigrantes—para a nosa disgracia, pois d'outro

xeito xa habería es'oupadc unha revolución fal tempo—non conta con ningunha escola d'emigración, obra do Estado.

Galicia, tan alonxada das vilas que teñen Universidá completa, na de Santiago non conta co'as facultás de Ciencias e Filosofía e Letras.

Galicia, capacitada pra vivire n'un réxime de *librecambio*, resulta sempre perxudicadísima dobremente: pol-o arancel hespañol que lle rube os prezos dos productos que ten que importar e pol-o arancel estranxeiro que opon dificultades os produtos que esportamos correspondendo en guerra de tarifas a que declara o arancel hespañol ós produtos estranxeiros, *con grave perxucio para a nosa terra*.

Quere dicire, que a nosa industria e o noso traballo, áchanse no maor dos abandonos e dos esquecimentos dende *ab initio*. Ninguén endexamais, termou d'eles seriamente en ningures. Ninguén ergueu a súa voz—dende tribuas políticas—para protestar contra do bárbaro proteccionismo favorable as mais rexións que é lousa de promo sobre a economía galega.

Pois xa non falemos do problema dos foros, que endexamais se intentou resolvere francamente; nin do problema agrario, que sangra, que mentras non se resolva ben imposibilitará a Galicia para toda prosperidade agrícola e para o desenrolo d'aquelas industrias mais axetadas súa natureza. ¡Ise arancel protelitor do cereallismo dos señores feudales de Castela, que fai tráxico o consumo do centeo e do millo nos fogares galegos!

¿Hal quen poida demostrar que Galicia lle debe algo a Hespaña, a Hespaña centralista, ó Estado? Hal razón para que os galegos sintámol-o patriotismo incondicional do que falan tantos baballós apavados, tantos escravos mozaes, que coidan tere miolos porque saben catro cousas?

Dixoo Asquith, non fai moito tempo: "Solo pódese sentir a patria cando a patria e cobixo e proteción para os que ten por fillos. E elquí non ollamos nin cobixo nin proteción. En Galicia non sabemos mais que de esquecimentos, aldraxes e colonizacións. En Galicia—os poucos galegos que pensamos e sentimos—xa temos repetido moitas veces a frase de Xaquín Costa: "para nós non val sendo negocio sérmos hespañoles." E os poucos que pensamos e sentimos, dándolle ás visións históricas unha interpretación nova, sinceira e sinxela, layámonos de que Sabela e Fernando fixesen a unidade, millor dito que á unidade levasen a nosa Galicia, pois si fora d'ela ficara, oxe con Portugal ou soila, cicais rivalizase co'a Inglaterra no senso de grande potencia marítima, e sin dúbida, por mal que lle cadrase o destino, estaría agora adiantada, xurdía, con todos aqueles progresos de que é mercente, e non feita esta despreclabre colonia sin alma, nin dreito, nin liberdade, nin cidadanía, que podeses fitar tranquilos, sin que os vosos ollos s'enchan de pranto rabioso e os vosos corazóns de xenreira lostregueante, o que demostra balzeza individual e colectiva. Si, si; tódol-os novecentistas, tódol-os galeguistas consentes temos obriga de revisal-a historia para prepararmos o porvire... Galegos ante todo, galegos solo galegos. E si as nosas nobres arelas de liberdade e progreso, tras ruda loita e constante sementeira, non atopasen frocemento, porque a raza apodrecida non fora xa quen para reaccionar, entón, como dixoo Quintanilla, non habería que pensar n'unha única crás de separatismo, senon hastra no separatismo dos nos galegos da súa Terra. Por ser ela indina d'eles.

Mais sigamos parolando. Dend'a Restauración á data, Galicia foi a única rexión peninsuar, a única, a única que non tivo nas Cortes un solo representante de seu. A única que somente apareceu sempre adita ós partidos monarquicos do turno. A única que non consiguíu endexamais un deputado ou senador antidinástico (xalmista ou republi á). Independente, agrario... Galicia oficialmente dend'a Restauración, foi liberal—de Sagasta, de Montelro, de García ou de Romanones—, ou conservadora—de Cánovas, de Silvela, de Romero Robledo, de Dato—¡Inda as rexións mais atrassadas d'Hespaña tiveron algun representante d'opinión! ¡Galicia, repitámolo, nunca tivo ningún!..

¿E haberá terra peninsuar algunha onde os candidatos impostos pol-o centralismo deberan sufrir maores fracasos que na nosa? Pois na nosa é na única onde fan o que lles peta; na nosa que xa víchedes que lle non debe nada a ningún Goberno, chámense liberaes ou conservadores, tódol-os votos do caciquismo e da noxenta crás media, arrivista, son para liberaes e conservadores. E Galicia e o campo millor d'esperimentación dos partidos de turno. Galicia é un territorio d'escravos; unha colonia despreclabre na que coasi sería de desexare que os socesos d'Osera, de Nebra, de Narón, de Sofán, repitíranse frecuentemente, onde queira, xa que os carneiros non merecen outro trato.

E hal exministros galegos que teñen dito moitas veces que foi escándalos a proteción donada pol-os Gubernos a Cataluña. ¡Abéciles! con ise dito, escribiron a súa maor proba de culpabilidade. Porque eles que formando nos Gubernos consintiron que se beneficiase a Cataluña, sin reclamar tamén beneficios para Galicia, foron reos do delito de lesa galeguismo. E merecerían essi, cando menos, un perpetuo residenciamento: eles e tódol-os servos e persoelros d'eles.

Volven, n'oustante, a bulrárense de nós; volven a facer n'ista triste e despreclabre colonia da Porta do Sol, n'iste territorio d'escravos—onde os mais escravos son os que teñen fachenda de mais señorío e mais riqueza—das suas esperimentacións cunelris, dos seus Inxertos d'ollgarquía.

Xa vedes, pois, que ningún bon galego, ningún galego conscente pode votar por liberaes ou conservadores. Mais enxérgase ben: tampouco pode ningún galego de corazón e cerebro propios, darlle o seu voto ós mauristas. Os mauristas, agora coma de cote, na nosa Terra foron coma os outros. Tan despreclabre no senso político é o marqués de Figuelroa, coma Osma, ese triste estranxeiro que sofren os monfortinos, coma o Moral de Calatrava, andaluz, parente de Maura e asballador da Poba de Trives. ¡O maurismo! O maurismo viviu tan de costas á vida galega coma tódol-os mais partidos do turno. ¡E ese Golcochea, cunelro cursi, que sendo ministro da Gobernación tamen quer caciquar elquí, sin que as pedras s'ergan contra d'el, cando fixo antaño o seu *debut* político pol-as terras mortas de Lugo—¿non vos lembrades?—opóndose á candidatura d'un galego ilustre, d'Alfredo Vicentij ¡E ese Clerva, asubiado na Cruña, que agora persenta candidatos seus tamén por Galicia logo que pol-a súa culpa non se poida falar nas Cortes do Ferrocarril da Costa!

¡Galicia, Galicia, patria nosa, non deixará de ser envilecida colonia d'escravos? ¡Probe terra que unha vez mais ficará sin persoelros de seu nas esferas políticas! ¡Terra espiritoal e moralmente capada, escecución vergoñosa na Hespaña, país de *probes* ricos, de

siñorlitos valdeiros, de xuventude de sapos, dina non sabemos si de lástima ou de desprezo!

Terra onde soto hai unha cousa pura, filmpa, santa, cordial, intelixente i-europea: o nazionalismo...

A. VILLAR PONTE.

A Academia Galega e algús académicos

NOS DIN...

...Que vaise facendo perciso pór en concenimento dos que constituyen na Habana a Asociación Proteutora da Academia Galega, que ista institución está chamada a morrer acoitelada por varios dos mesmos académicos, zicais inconscientemente...

Cando Picorete—a quen lle da un pau que non é de cego percisamente, no *Diario da Marina* da Habana, un señor Peynó—fundou o Instituto d'Estudios Galegos algús académicos da Real que perside Murguía, axudaron a aquel no seu empeño.

E eisí, Picorete, poido crear un centro que ten o mesmo ouxeto que a Academia e que acabará por matar a Academia. Un centro que xa conquireu para sí a subención que a Diputación provincial da Cruña lle donaba denantes a Academia. Un centro que agora acordou facer un dicionario galego-castelán e castelán-galego, co'a axuda d'algús académicos.

E non hai dreito, señores, non hai dreito (din os nosos comunicantes) a obrigarlles a facer sacrificios económicos ós irmáns emigrados para que estes sacrificios rematen sendo inútis.

Pór no seu concenimento canto socede é un deber de concencia. Eisí concruyen unhas longas coartillas que nos remitiron unhos amigos e das que fixemos o estrauto anterior.

Medallina eleuforal

ANVERSO

Vigo, a culta e progresiva cidade, pella do Atlántico, tivo un xeito civico, moi honroso.

Cando as eleicións están coasi na porta, decatándose de que os intereses pesqueiros áchanse n'un grande esquecemento por parte de tódol-os políticos e ainda tamén por parte do mesmo deputado señor Urzaiz, chamou a iste a contas, emplaçando para que falase francamente diante d'unha assemblea de representantes pesqueiros vigueses e d'outras entidades.

O señor Urzaiz disculpouse da asistencia.

Mais os vigueses non se deron por conformes, e coma non se atopan dispostos a seren enganados unha vez mais, comunicáronlle o ex-diputado por la vila da Oliva que aprazaban a Asambleia até que él poidera apersoarse. E despois de que se tivo apersoado puñeronlle as peras a carto.

REVERSO

A caravana ou *troupe* besadista-romanista-garciapretista-albista caíu sobre Lugo coma unha praga de langosta, para espallarse por toda aquela provincia.

E noxento o caciquismo en Galicia enteira. Pero onde resulta mais noxento e cativo é en Lugo.

Quizais efeuto do maior atraso da dita terra, debido o illamento en que s'atopa... gracias ós que agora caeron alí, coma de cote.

Porque contra o caciquismo de Pontevedra, Ourense e Cruña lóitase a cotío. Contra o da provincia de Lugo non loita ninguén naquela triste e disgrazada provincia.

Rifarán alí caciques con caciques. Mais forzas sans contra uns e outros, non.

PROSAS SINXELAS

O corazón que non canta

Cando chegues ás portas do voso corazón, señora, sedento d'un rayo de lus e d'unha verba agarimosa, chea de promesas, vin cómo n-os seus ollos escintilaba unha ilusión aínda nova e cómo na sua carne, branca e rousada, tremaba unha ledicia segreda e pracenteira.

Eu comprendino de súpeto, como a esperanza enxergue aquelas voces que foron moles y-amigas. Porque eu tamén fun xoven, e denantes, antes de ser xoven, fun vello, e así ate o infinito, na innumerable carrelra das trasmigracións misteriosas.

¡Sabe Deus dende onde y-hastra cándol! Eu soyo sel que a través d'as diversas estancias d'as materializacións non procurei siquera unha vez a verba segreda, a promesa íntima, a voz tenra y-arroubadora que desfíxese o encantamento do meu peito.

Eu non vira os vosos ollos cheos d'un misterio fondo, fulxentes e mouros como os meus pecados. Eu non ouvira a vos voz, dóce cal un arroulo de pomba, mol como a caricia d'un peito atelgado d'amore. Eu non me decatara alada do xelto d'as vosas mans, sutíles e irrazonables como as causas frívolas, cal un capricho de muller. ¡As vosas mans, señora, teñen unha segreda suestión eucarística, como un pensamento d'ouro envolvelto no cárcel sensual do mundo!

¿Por qué me non descubrides, señora, o ensoño da vos alma? ¿Por qué habedes de gardar n-esa altitude esfínxica a verba que faría frolecer no meu peito, como un tesouro, as douradas ilusións? Eu tamén teño un ensoño. Eu tamén tería pra vos unha verba chea de mal e de dozura. ¿Porqué habemos de levar de cote este sufrimento, si vos tedes a gracia, y-eu teño a pasión?

Señora: na carballeira e no pinar cantan os paxaros o seu poema nupcial. ¡Que canten tamen os nosos corazóns!

PEDRO DE NADAL.

NO CONSERVATORIO NAZONAL DO ARTE GALEGO

"Donosiña", drama moderno de Xaime Quintanilla

Xaime Quintanilla, conselleiro 1.º da "Irmandade, do Ferrol, veu a Cruña para dar lectura d'unha obra teatral de que é autore. Acompañouno no seu viaxe, Euxenio Charlón, este popular escritor costumbrista, exempro d'enxebrea, que tamén léu un bocetinho de sainete debido a sua pruma festiva.

A obra teatral de Xaime Quintanilla, nomease *Donosiña*. Costa d'un prólogo e tres actos. E resulta d'unha compreta modernidade pol-a forma e pol-o fondo. As veces n'ela parece advertirse a habilidade técnica ó Bernstein, e outras o xelto do supremo arte de Maeterlinck.

O bon gusto, a audacia, a cultura imensa de Quintanilla, refréxase na sua obra. N'esta non hai as timideces do principiante, nin as inxenuidades d'aquelles que escriben dramas e comedias rexionaes, sin ter outras condicións para elo que as da costancia.

Donosiña é un nome axeltado e propio. Fíxoo diminutivo porque eisl e non d'outra maneira nomean os galegos a comadreja. Si fose nome d'unha institución fantástica ou real, o diminutivo resultaría ridículo. Débese dicir *Donosiña*. Mais non podería dicirse "monarquillía", por Monarquía; "republikillía", por República; "trindallía", por Trindade, etc. *Donosiña*, *A man de Santiña*, mol ben dito. Outros líñas non cadran.

Mais collendo de novo o filo d'estas líñas. *Donosiña* é unha obra fina, de valores universaes, onde a pasión e a emoción, choutan as veces coma augas escumantes de fervenza admirabile. A través das suas esceas o misterio emparellado c'ó amore pon lostregos de traxedia. *Lela*, unha nena inxenua e doce, discorre pol-a obra coma unha frol de santidá.

Madanela, muller perversa, leva tocada a sua y-alma co'as froles do mal baudelerianas. E hai un crego, un abade, que ten todo o encanto dos abades velleinclanescos. O remate da obra é d'unha forza trágica suprema. E o truncamento de dous amores, pol-a morte fría e tolledora.

Cantos ouviron a lectura de *Donosiña* sintiron fondonisimo entusiasmo.

Quintanilla, coma Cabanillas e tódol-os luteleutuaes que figuran nas fias do nazonalismo, queren que o novo teatro galego, seja un teatro europeo d'indicador do idioma, capaz de darlle a idioma un valor universal. Son contrarios, pol-o momento, a ise teatro dialeutal que rebaixa a língua e arreda—sin razón algunha, pero arreda—a xente "ben, dos coll-seus onde se representa. Queren, primeiro un teatro "en galego, que un teatro galego. Queren un teatro no que latexen tódal-as esquisiteces modernas que nas obras de asunto rústico nin cadran nin poden pórse.

Donosiña ten unha difícil interpretazón. Mais o director do Conservatorio Fernando Osorio e os alumnos seus, acolleron a fermosa obra con molto agarimo, e están dispostos a leval-a escea axíña. Pero queren leval-a sinxelamente, honradamente, sin chamar ó público para que acoda a vela, engalolandoo con fis benéficos e con elementos estranos ó arte dramático.

Coidan, e coidan ben, que ou o arte s'impón pol-o arte mesmo, ou hal que renunciar a facelo.

Fírase d'un público que para que vexa cadros ou esculturas ou obras de teatros seja perciso atraguelo con chin-chin, non entra nos fis do Conservatorio.

A POLITICA HIDRAULICA

«Si se proieuta un canal, é soiamente prá que aumenten de valor as terras dos ricos.

D'ahí ven o contento d'os grandes propietarios.

A isto chaman «política hidráulica é jalean as farsas d'un político d'oficio que fixo plataforma d'irse dicharacho.»

Julio Senador y Gómez.

Non é perciso dicir quen é o faranduleiro político á quen se refire o esquirtor mais grande d'os nosos días, pois é ben conecido de tódol-os leutores d'A NOSA TERRA.

Vexamos agora o resultado que pra a nosa economía dou a autuazón de quen n'outro país sería botado a presidio ou-benidamente xugado-recluído n'un Manicomio.

Dende o lstante mesmo en que se chantan os "plquetes, tódal-as terras aledañas aumentan de valor; mais iste aumento é compretamente fínxido, é unha nova forma de roubo que ll'aproveita directamente os que viven de rendas asoballando directamente tamén, ós que viven do traballo, findando pol-a total ruína cando o traballador é arrendatario.

A razón disto é ben crara: aqueles "espetos, teñen a virtú—úneca—de facer ver qu'aquelas terras van a ser de regadío, é com'ó cálculo corrente tén demostrado que a terra de regadío prodúz cinco veces mais que a de secano, á renda multiplícase lgoalmente por cinco e o arrendatario, fatalmente, ten que arruinarse ou calr n'as canles d'á emigrazón. Despois—como romate—á letafía do fomento e da prosperidade rexional...

Un pouco máis tarde... o desequilibrio d'importantes á até decesivos valores, é pol-o derradelo á morte sóbor das campías hespañolas, que con tanta xusteza é verdade nos fal ver ó noso quírido é ilustre irmán Alfonso Castelao n-unha das suas derradeiras caricaturas c'ó letreiro "Desperta pelegrino,...

Pensar que tales ministros non foron aínda esnaquizados!

Máis non, ficou conxarada á custión social; arrecadáronse votos; repartíronse xornaes; fíxéronse ricos os contratistas da devoción ministerial...

O demais... é o de menos...

Os ilustrados leutores d'A NOSA TERRA verán o que foi e en que consisteu a chamada "Política hidráulica,...

Cô título: "Ab sos v despilfarrs", relata *O Economista* do día 18 de Janeiro de 1913, textualmente: "Causa amarga pena a lectura del "Diario de las Sesiones", del Senado relativa a los días en que se discutíó el presupuesto de Fomento.

En las sinceras manifestaciones del ministro procurando defender a sus predecesores en el cargo y atenuar las críticas de los que exponían la situación (hablaban los Sres. Allende Salazar y R. San Pedro) velanse comprobadas éstas, se adquiría el convencimiento del enorme desbarajuste administrativo que viene rigiendo en el departamento aquel en los últimos lustros, y muy especialmente en los últimos doce o catorce años.

Ha podido con razón decir el señor Villanueva (ministro á la sazón): "Yo soy administrador, si su señoría quiere, de una quiebra, de un concurso, de algo que se encuentra en una situación difícil, desigual, inarmónica, y no tengo mas remedio, cumpliendo mi deber, que presentarla cual es. Por consecuencia, lo que merezca censuras y no parezca bueno, obra mía no es, porque yo, desgraciadamente, no he podido hacer nada...".

Y aún que con toda la benevolencia, toda la consideración posible, quiso defender a los anteriores, explicar, ya que disculpar era imposible, los fracasos y abusos, han quedado muchos de ellos en completa evidencia.

Véase algo de lo que demostró aquel debate.

En punto a obras hidráulicas, se da el caso del Pantano de la Peña, que tuvo un presupuesto de 874.000 pesetas y ya lleva invertido cuatro millones, y aún se llevan para él créditos por 600.000 en este presupuesto; el de Guadalmellato, en que por no haberse hecho análisis del subsuelo, resulta imposible cimentar para que no se filtren las aguas; el de Fernán Caballero—llamado de Gasset—que se empezó en 1900 y luego resultó que no había aguas para alimentarle, y después se hicieron desviaciones de arroyos rieras o ríos accidentales para traerlas, y se sigue gastando en él dinero, fijándose para 1913 150.000, sin que hasta ahora, en doce años, se haya demostrado que sirve; como el Pantano de Alfaro, tan poco estudiado antes de decretarlo, que habiendo visto que era el terreno poroso, era imposible construirle y hubo que abandonarle; como el de Aragón, en el cual, después de muchos años de estudios bien pagados, no estaba ni escogido aún el sitio donde debía hacerse la presa de toma de agua, y que pre-

supuestado en veinte millones para que fuese de navegación, luego solo es de riego y se han gastado cuarenta, y aún exige mucho más en revestimientos, a pesar de que hace tiempo está ya inaugurado oficialmente como obra acabada; como el de que varias obras de otros pantanos, respecto a las que hay Sindicatos de regantes que contribuyen con algo, va a ser necesario pararlas...

En resumen: que habiéndose gastado muchos millones, apenas se tocan los resultados en punto a riegos, que desde hace catorce años se venían profetizando...

Eis ó que é política hidráulica; eis a obra d'un ex ministro a quen se debía guindar pol-as estradas da razón pra escarmiento da xente Inorante, Inmoral e arrivista.

A torpeza, a incapacidade e a frescura foron a cotío as características d'ise ministro a quen con toda propledade chaman *come carreteras* os nosos labregos.

Prometo ocupar-me n'outra ocasión da política seguida pol-o espresado ministro a respeito de portos e carreteras.

FRANCISCO VÁZQUEZ ENRÍQUEZ.

Santiago Maio de 1919.

Peneirando...

Compostela, a vella Compostela está d'embora. Mercede ás vallosas xestións do afortunado autor da frase "Ista non é a honra das dereitas—dito fica que nomeamos ó gran democrata Alhucemas—podará contar no sucesivo con un cabo e catro guardias civíles de caballería. Eisí nol o comunicóu n-un telegrama atelgado de humorismo democrático—o mais grande de todol-os humorismos—o xornal *La Voz de Galicia*.

E non temos mais que decir...

II II II

Doval, o noso cursi paisanllo Doval, n-unha carta na que declinaba os honores d'un xantar con que pensaba onsequialo un fato de amigos seus, homenaxeando eisí ó policía triunfador en Barcelona decía, entre outras cousas moi suas, isto é, moi cursis: "Si nuestro jefe, el conde de Romanones, rindiendo justicia a nuestros deseos, prepara la tribuna del Congreso o del Senado para que allí explique...".

E nada. O coxo sin darse por enteirado, pesí a que a estrataxema non era mala. E despois que digan que entre os galegos non hai

inxento; xelto mais habilidoso de faguerlle saber ó xefe o fervente desexo de ter un posto de diputado ou senador se non atopará nos análex políticos españoles.

II II II

N unhos vóos recentemente celebrados na Vila-podre por soados aviadores Ingreses autuaron en calidade de pasaxeiros Cerva e Romanones.

Canta xente non podendo admitir nín siquera por breves momentos a falla de homes tan escolleitos na terra escramaría, á fitalos esndo mais outos se hachaban, obrigada por un agarimo como hai poucos: "¡Qué lástima que non-os tivesemos agora, de súpeto, entre nós, despois d'un descenso a toda velocidade, pra non perdere tempo..!".

II II II

Novamente resucitou o regocizante periódico *El Parlamentario*, caso único na historia do xornalismo, por tere batido todol-os records, e moi especialmente o do troque d'ideias: Agora, despois d'unha xelra de repubricanismo, xurde como atelgado de fervente monarquismo cou vistas a *albura*, inmaculada cal a neve, da Esquerda (?) liberal.

Coidamos que moi axíña, e despois do indispensable mutis, de novo aparecerá *El Parlamentario* convertido á sindicalismo ou á bolchevismo.

O noso Antón é moito Antón.

II II II

Academia... Instituto. Instituto... Academia... Xa, casi se non sabe onde remata un pra escomezarse o outro.

Lembrando a Victor Hugo e parodiando a sua frase podemos decir: "Iste matará a aquela."

II II II

Dise que n'istas eleuclóns ficará sin pan a Cruña. ¡Que lástima! De non protestar ningún contra de tal atropello nós coidamos que os elementos se coidarán de sustituir na protesta ós homes, y-estonces será cousa de ouvir ó *Orzán*.

II II II

Dixo un xornal cruñés, n'un instante d'entusiasmo galeguista: "de nuestra pequeña y dulcísima...".

Coidaredes que se refiría a unha pera en doce, a unha pasa, a unha rosquilla...

Pois non: a patria galega. Galicia para o colega é *nuestra pequeña y dulcísima patria*.

¡Vale c'o literato bombón!

Faise cárrego de todas as obras de traballos gráficos, en imprenta, litografía e fotograbado, así coma sellos de caucho

A Papeleira Galega

FABRICA DE BOLSAS DE PAPEL DE TODAS CRAS FOTOGABADO

BARREIRA, 7

A CRUÑA

Telef. 434

Os viños e coñás millores

son os qu'elsporta a casa de PEDRO DOMECCO, de Xerez da Fronteira, fundada en 1737. A casa máis antiga de Xerez.

O vermouth más selecto

de mundial e reconocida sonda é o ZINZANO (Torino).

O Anís do Mono

é un einspréndido licore sin rival

Pra viños de mesa

non hai outros com'ós dos cosecheiros esportadores Sres. R. LÓPEZ DE HEREDIA (Haro). Casa central: Pazo da Equitativa.—MADRID.

REPRESENTANTE EXCLUSIVO: (matriculado) de todas istas marcas

José C. Juncosa

Galera, 39, é 41-2.º piso.—A CRUÑA

FRÁBICA MECÁNICA

::: DE CALZADO :::

— DE —

ANXEL SENRA**RÚA XUAN FLÓREZ**Depósito: Cantón Grande, 15
A CRUÑA**HOTEL CONTINENTAL**

Castelar, 8 e Olmos, 28

O MELHOR SERVIDO

— DE —

M. Losada Prado**A CRUÑA**

Disponibile

Abonos Químicos MineraesCementos, Sulfato de cobre, Azufres, Caldo
bordeles **ROUCH**Rexenerador **ROSTTAM** pra os animaes,
debiles, pra que as gallinas poñan mais hovos,
etcétera.

Pídanse prezos e condizós a

Fernández, Fano y C.^a—A CRUÑA**VIÑOS FINOS****RIOXA - MEDOC**

Felipe Ugalde - Haro

Concesionario en Galicia:

WALDO LOSADA - A CRUÑA

a nome de quen deben vir os pedidos da Rexión

Gran H. Universal

Rúa da Reina (da Raíña), 21—LUGO

O MÁIS NOVO E O MILLOR

Ten carto de baño moderno. Dispón de telé-
fono (núm. 116) e de coche da casa pra
todol-os trens.

O GRAN H. UNIVERSAL merece ser visitado

Farmacia Europea

— DE —

López Abente**REAL, 55**A millor surtida da Cruña e un
dos estabrecimentos da sua crase
que mais honran a Galicia. Monta-
da con arrego ós derradeiros
adiantos.**SASTRERÍA**

DE

AMBROSIO GUDE

RUA REAL, 59-1.º

N-este acreditado estabrecimento, que conta
co'a clientela mais elegante da Cruña, fáñse
traxes á medida, uniformes militares e demais
prendas de vestir.

Todo con arrego á derradeira moda.

LA MODERNISTA**GRAN SALÓN DE BARBEIRIA**


— DE —

RAMOSE ACEA

San Andrés 94, 1.º—A CRUÑA

Estabrecimento de primeiro orde, dotado de
estufa de desinfección e todol-os aparatos hi-
glénicos. Especialidade en lavabos de cabeza,
lociós e friciós de todas clases.*Nota:* N'este estabrecimento atopará o pú-
brico un servició permanente a cárrego dos
seus propietarios, antigos dependentes das
máis importantes peluquerías, desta capital.**GRAN FONDA****Las Cuatro Naciones**

San Andrés, 102.—A CRUÑA

O novo dono d'ista fonda, no seu desexo de
mellorar o trato aos señores viaxeiros, fixo grandes
reformas.Xántase ben, e os prezos están ó alcance de
todos.**COMPAGNIE GENERALE TRASATLANTIQUE****VAPORES CORREOS DE GRAN VELOCIDADE***Servicios directo desde o porto da Cruña***LINEA DE HABANA A VERACRUS**Prezo en terceira à Habana.
> > VeracrúsPtas. 298'60
> 313'60

Facilitanse billetes de ferrocarril da Habana a Santiago de Cuba pol-o prezo de Ptas. 35.

Os emigrantes e todol-os equipaxes, son levados a bordo por conta da Compañía.

Para toda clás d'informes sóbor de datas de saída, prezos do paxase e tipos de flete, dirixirse ó seu Consignatario

D. Nicandro Fariña**Rúa de Compostela, esquina á Praza de Lugo****NOTA.**—Quedan sin efecto total-as tarxetas de visita, pois non se deixa entrare a bordo.